

**AXUDA Á INVESTIGACIÓN DA USC**

**VALORACIÓN DAS PRINCIPAIS ACTIVIDADES CIENTÍFICAS**

**1. DIRECCIÓN DE TESES DE DOUTORAMENTO**

**Dirixidas/codirixidas:**

Tesis Europeas y/o tesis realizadas en programas con mención de calidade:	10 puntos
Cualificación <i>Cum laude</i> :	8 puntos
Outras cualificacións:	6 puntos

**2. PUBLICACIÓN NON PERIÓDICAS**

**2.1. LIBROS:** publicacións de máis de 50 páxinas, editadas co ISBN e que cumpran o requisito de que a editorial avale un proceso de avaliación por pares.

Inclúiranse neste apartado (i) as monografías; (ii) as edicións críticas sempre que os textos figuren co seu aparato crítico e un estudo razoado da fixación do texto; (iii) as edicións de documentos e corpora documentais cando vaian acompañados de estudo introductorio, notas críticas, glosarios, índices, etc.; (iv) as traducións que inclúan estudos introductorios e de anotación complementaria, que vaian alén do ámbito da divulgación. Non se valorarán as publicacións de: teses, memorias de licenciatura, proxectos fin de carreira, reedicións de libros non revisados ou ampliados, manuais de calquera tipo, libros de texto ou docentes, publicacións relacionadas con exposicións, cursos ou xornadas de formación, así como a función de editor de libros de congresos.

**EDITORIAIS MULTINACIONAIS**

Autor:	12 puntos
Editor/Coordinador (Científico):	6 puntos

**EDITORIAIS NACIONAIS**

Autor:	6 puntos
Editor/Coordinador (Científico):	3 puntos

**RECENSIONES:** as recensións, utilizadas como parámetro de calidade dos libros, valoraranse de forma independente, do seguinte modo:

Recensións acumuladas ata un máximo de 6: 8 puntos

Exclúiranse desta valoración as autorecensións. Non existe límite de tempo para valorar as recensións

**2.2. CAPÍTULOS DE LIBROS:** o ámbito do libro virá dado polos dous primeiros díxitos do ISBN (84 nacional); no caso de carecer de ISBN o libro será considerado como nacional debendo ter cuberto, necesariamente, o campo do depósito legal.

EDITORIAIS MULTINACIONAIS: 5 puntos

EDITORIAIS NACIONAIS.: 3 puntos

Non se valorarán neste apartado as contribucións derivadas de calquera tipo de evento.

A puntuación total dun libro dividido en capítulos non poderá ser superior ó valor do libro completo.

**2.3. PUBLICACIÓNS CURTAS:** 1 punto

Publicacións unitarias non periódicas que teñan ISBN e/ou depósito legal e o seu número de páxinas sexa igual ou menor de 50 e maior de 4.

**2.4. PUBLICACIÓNS DERIVADAS DE CONGRESOS (TEXTOS COMPLETOS):**  
**Exclúense abstracts de congresos e publicacións relacionadas con cursos ou xornadas formativas.** Teranse en conta as aportacións orixinais con publicación íntegra do texto de congresos que se celebren con periodicidade fixa, sede variable e edición regular de actas.

Ámbito **Internacional** (comité organizador e comité científico con membros de alomenos 3 países): 3 puntos

Ambito **Nacional**: :1,5 puntos

**3. PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS:** revistas e publicacións seriadas publicadas tanto en papel impreso como en formato electrónico.

**3.1. Artigo en publicación tipo A1:** 12 puntos

Areas de Humanidades y Sociales: revistas clasificadas como tipo A segundo o catálogo elaborado polo DURSI e que ademáis teñan un índice ICDS (Índice Combinado de Distribución Secundaria) maior de 8 en algunha das seguintes bases de datos: DURSI ou MIAR.

Resto de áreas: revistas incluídas no 1º cuartil logo da súa ordenación polo índice de impacto, segundo a súa categoría [materia/área], do último *Journal Citation Reports*.

**3.2. Artigo en publicación tipo A2:** 8 puntos

Areas de Humanidades y Sociales: revistas clasificadas como tipo A segundo o catálogo elaborado polo DURSI e que ademáis teñan un índice ICDS (Índice Combinado de

Distribución Secundaria) menor de 8 en algunha das seguintes bases de datos: DURSI ou MIAR.

Resto de áreas: revistas incluídas no 2º cuartil logo da súa ordenación polo índice de impacto, segundo a súa categoría [materia/área], do último *Journal Citation Reports*.

**3.3. Artigo en publicación tipo A3:** 4 puntos  
Áreas de Humanidades y Sociales: revistas clasificadas como tipo B segundo o catálogo elaborado polo DURSI  
Resto de áreas: revistas incluídas na 2ª metade logo da súa ordenación polo índice de impacto, segundo a súa categoría [materia/área], do último *Journal Citation Reports*.

**3.4. Artigo en publicación tipo B:** 2 puntos  
En este apartado se incluírían: a) para as áreas de Humanidades e Ciencias Sociais, as revistas clasificadas como tipo C ou D segundo o catálogo elaborado polo DURSI; b) para o resto das áreas, as revistas non incluídas no *Journal Citation Reports*. Para as revistas non clasificadas no catálogo elaborado polo DURSI nin recollidas no *Journal Citation Reports* deberá xustificarse o carácter científico da revista mediante a acreditación dos seguintes requisitos: (1) antigüidade mínima de dous anos; (2) constancia expresa nos exemplares do consello de redacción ou comité editorial; (3) ISSN, consignado en lugar visible; (4) información sobre o proceso de selección dos manuscritos para publicar; (5) alomenos o 50% dos contidos deben referirse a traballos de interese científico. Estes requisitos teñen en conta as recomendacións do estudo que nesta materia realizou a FECYT.

**4. ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS:** por presidencia o secretaría do comité organizador.

Ámbito **Internacional:** 6 puntos  
Ámbito **Nacional:** 2 puntos

#### **5. PATENTES REXISTRADAS**

Exluense patentes solicitadas

INTERNACIONAL: 4 puntos  
NACIONAL: 1 punto

#### **6. SOLICITUDES DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN**



Valoraranse a solicitudes de proxectos de investigación, si ben excluíranse as declaracións de interese e as solicitudes en fase de pre-selección. Este mérito será únicamente presentado polo IP da solicitude de proxecto correspondente.

PROXECTOS EUROPEOS, CONSORCIADOS E COOPERATIVOS:	8 puntos
PROXECTOS NACIONAIS:	4 puntos
PROXECTOS AUTONÓMICOS:	2 puntos

## PROCEDEMENTO PARA O CÓMPUTO E ASIGNACIÓN DAS PUNTUACIÓNS

1. Aos únicos efectos de valorar a produción científica dos grupos de investigación considéranse como compoñentes valorabeis do grupo a aqueles que, na data de remate do prazo de gravación de datos, están incluídos no mesmo. Do mesmo xeito soamente terán dereito a percibir á axuda por produción científica aqueles grupos de investigación que están formalmente constituídos na data antes mencionada.
2. Se valorarán os traballos dos bolseiros, doutorandos e contratados con cargo a proxectos e actividades de investigación, que na data de remate do prazo de gravación de datos estean incluídos no grupo de investigación. Cando unha contribución de produción científica estea asinada por autores que na data de remate do prazo de gravación de datos non pertencen á USC, o director do instituto, estación biolóxica, centro ou o coordinador do grupo de investigación probará documentalmente a súa pertenza ao instituto/centro/grupo no momento en que estiveran a contribuir á investigación conducente a publicación en cuestión.
3. Para a valoración das contribucións, empregaranse os seguintes criterios:
  - a) Cando tódolos autores pertencen á USC o valor da contribución divídese polo número total de autores e o resultado multiplícase polo número de membros da USC que no momento de realización do traballo pertencían ao grupo de investigación ou departamento/instituto / estación biolóxica.
4. Cando debido ás normas de publicación exista a imposibilidade de que na contribución se reflicta a pertenza dos autores a un departamento/instituto /estación biolóxica, valorarase dita contribución cando se xustifique documentalmente esa imposibilidade. Neste suposto será a Vicerreitoría con competencias en investigación a que, antes do remate do prazo de gravación de datos, autorizará a gravación de dita contribución.
5. A imputación do grado de financiamento con que contan os departamentos/institutos/estacións biolóxicas establecerase mediante a aplicación do *Coefficiente de Reparto de Axuda á Investigación (CRAI)*.

6. Para a asignación anual de puntos terase en conta as puntuacións de anos anteriores do seguinte xeito:

- a) Para os grupos de investigación novos sumarase a puntuación correspondente a actividade dos seus membros no ano en curso coa dos dous anos inmediatamente anteriores.
- b) Para os grupos xa constituídos sumarase a puntuación do ano correspondente cos puntos acadados nos dous anos inmediatamente anteriores.

#### **CONSIDERACIÓNS ADICIONAIS:**

- A fin de que o departamento/instituto/estación biolóxica dispoña dun orzamento que lle permita afrontar os gastos básicos que afectan ao conxunto dos membros do departamento/instituto/estación biolóxica, asignarase un **20% da Axuda directamente ao departamento/instituto/estación biolóxica e un 80% aos Grupos de Investigación.**

- No caso dos grupos de investigación que desenvolven a súa actividade investigadora en **Institutos de Investigación ou Estacións Biolóxicas**, e que contan cunha ubicación física diferente da do departamento ao que pertencen, se recomenda que presenten a súa Produción Científica, a través do Instituto ou Estación Biolóxica. No caso que dita actividade investigadora sexa realizada en dúas estruturas de investigación con ubicación física diferenciada (departamento/instituto/estación biolóxica) se recomenda que a produción científica se presente por ambas as dúas estruturas tendo en conta a intensidade da actividade realizada en cada una delas e, en todo caso, co acordo dos directores do departamento/instituto/estación biolóxica. Esta diferenciación na actividade desenvolvida nos departamentos/institutos/estacións biolóxicas ven motivada pola necesidade de dispor de criterios que permitan desenvolver un modelo axeitado de financiamento dos institutos co arreglo a súa actividade científica.